

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DO CENTRO DE DÍA

Artigo 1º. FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible da taxa ven determinado polo uso e disfrute do Centro de Día como instalación benéfico-asistencial polos usuarios que, voluntariamente, desexen facer uso do mesmo e nos termos sinalados no Regulamento do Servicio.

Artigo 2º. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible virá determinada polo uso efectivo do servicio nos períodos de tempo efectivos e de acordo ó réxime de prestacións sinalados no Regulamento do Servicio.

Artigo 3º. DEVENGO

O dereito da Administración a esixi-lo pagamento da taxa virá determinado pola solicitude da prestación do servicio.

Artigo 4º. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos da presente taxa os solicitantes usuarios ou os titores legais destes, en caso de incapacidade dos mesmos.

Artigo 5º. PERÍODO IMPOSITIVO

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do servicio por parte do suxeito pasivo.

Artigo 6º. XESTIÓN

O pago farase, unha vez presentada e aceptada a solicitude, por adiantado dentro dos primeiros cinco días de cada período mensual, mediante

domiciliación bancaria, na conta restrinxida municipal que se sinalará. O resgardo bancario serve como xustificante do ingreso.

Artigo 7º. TARIFAS (Modificación publicada no BOPPO Num. 236 de data 12-12-17)

A cota tributaria será a resultante de aplicar á tarifa o réxime de bonificacións aos efectos de ter en conta os criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacela.

- 495 €/praza/mes por estancia, sen incluír o tipo de IVE que corresponda.
- 72,72 €/praza/mes por transporte, sen incluír o tipo de IVE que corresponda.

Artigo 8º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Para os usuarios empadroados neste concello procederáse a unha bonificación segundo o nivel de renda, conforme se expón no Regulamento Municipal, e que se acompaña a continuación:

RENDA PER CÁPITA UNIDADE FAMILIAR ACHEGA DO USUARIO

| | |
|------------------------|-----------------------|
| 0% ao 60% do SMI | 10,00% Custo da praza |
| Do 61% ao 70% do SMI | 13,00% Custo da praza |
| Do 71% ao 80% do SMI | 17,50% Custo da praza |
| Do 81% ao 90% do SMI | 21,25% Custo da praza |
| Do 91% ao 100% do SMI | 25,00% Custo da praza |
| Do 101% ao 110% do SMI | 29,25% Custo da praza |
| Do 111% ao 120% do SMI | 33,00% Custo da praza |
| Do 121% ao 130% do SMI | 36,75% Custo da praza |
| Do 131% ao 140% do SMI | 40,50% Custo da praza |

| | |
|------------------------|------------------------|
| Do 141% ao 150% do SMI | 44,25% Custo da praza |
| Do 151% ao 160% do SMI | 48,50% Custo da praza |
| Do 161% ao 170% do SMI | 52,25% Custo da praza |
| Do 171% ao 180% do SMI | 56,00% Custo da praza |
| Do 181% ao 190% do SMI | 59,75% Custo da praza |
| Do 191% ao 200% do SMI | 63,50% Custo da praza |
| Do 201% ao 210% do SMI | 67,75% Custo da praza |
| Do 211% ao 220% do SMI | 71,50% Custo da praza |
| Do 221% ao 230% do SMI | 75,25% Custo da praza |
| Do 231% ao 240% do SMI | 79,00% Custo da praza |
| Do 241% ao 250% do SMI | 82,75% Custo da praza |
| Do 251% ao 260% do SMI | 87,00% Custo da praza |
| Do 261% ao 270% do SMI | 90,75% Custo da praza |
| Do 271% ao 280% do SMI | 94,50% Custo da praza |
| Do 281% ao 290% do SMI | 98,25% Custo da praza |
| Do 291% ao 300% do SMI | 100,00% Custo da praza |
| Máis do 300% do SMI | 100,00% Custo da praza |

Aprobado Pleno de 29.10.12